
O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)** do concello de Caldas de Reis representado polo seu voceiro Fernando Pérez Domínguez co DNI 35.450.453-R, ao abeiro do artigo 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro), e artigo 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, propón, para á consideración do vindeiro Pleno Ordinario da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN INSTANDO O INICIO DOS TRAMITES PARA SOLICITUDE DE REESTRUCTURACION PARACELARIA EN SAN CLEMENTE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En estes momentos a Xunta de Galicia ten iniciados tres procesos de concentración parcelaria no noso termino municipal, concretamente Saiar, Godos e o último iniciado que é Bemil, estando algúns deles a piques do seu remate. Todos os procesos de concentración parcelaria que se levan a cabo no noso Concello foron iniciados por gobernos do Partido Popular na Xunta de Galicia.

Cos procesos de concentración parcelaria buscase chegar a realizar un uso das terras adaptado as necesidades agrícolas e forestais de cada parroquia, posto que a histórica fragmentación da propiedade da terra está a provocar que o desaproveitamento do potencial dos terreos para o agrario, gandeiro ou forestal.

A Consellería de Medio Rural ven de por en marcha un novo texto normativo para estes procesos que supón un salto cualitativo na reestruturación do agro galego.

Estes días, e antes a de publicación no Doga do acordo do Consello da Xunta de inicio da parcelaria de Bemil, moitos veciños de San Clemente nos trasladaron que podería existir un interese para solicitar un proceso das mesmas características, pero temos que lembrar que é preciso o cumprimento duns obxectivos xerais e tamén o apoio maioritario dos veciños que é preciso acreditar mediante a aportación dun escrito que conte ca sinatura, perfectamente identificados con nome apelidos e DNI, dun elevado porcentaxe dos propietarios de terreos.

PROPOSTA DE ACORDOS:

Instar a Xunta de Galicia, tras ter recibido o escrito asinado pola maioría dos propietarios que acrediten que esa demanda é maioritaria, e previa verificación de cumprimento das condicións esixibles mediante a elaboración dun informe técnico que así o acredite, que esta inicie a tramitación da concentración parcelaria de San Clemente.

En Caldas de Reis a 23 de agosto de 2022

O GRUPO MUNICIPAL do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620